

VALENTÍN ARIAS

Sei da despedida do amigo *total e sempre*. E chove no solpor. É o noso home grande e viceversa. Sempre está onde hai que botar mau, esa axudiña que tanto se nos nega. Na ledicia, na mensura dos días máis felices e na reconquista das esperas e esperanzas. Chegaban sempre de cediño ao peirao das nosas vidas, Amparo e mais el. E un recibía aqueles catro ollos da terra mar, Sarria e Vigo, coma un ben, coma familia. Foi frenética a súa travesía dos últimos anos para dar acougo e acubillo, sorriso, palabra e pan aos necesitados da saúde, da forza e do agarimo. A xeografía do seu corpo e alma son a Gallaecia do profundo e tamén as superficies daquela mau e a voz que sempre resucitan. Ficamos todas, todos, tristes. Que veñan de axiña as flores na primavera que se anuncia e ti entrega, nesta espera de noso, un bico grande para Xela, a Poeta dos versos ben cumpridos.

Xosé Vázquez Pintor